

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa liquidación do orzamento consolidado da Deputación Provincial de Pontevedra, a Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, o Consorcio Provincial contra incendios e o Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós – Terra de Montes, correspondente ao exercicio de 2021, emítase o seguinte informe:

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1489/2013, de 18 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2021.



CONSIDERACIÓNS

Primeira. Entidades a integrar na Liquidación consolidada.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais (Deputación Provincial) e Organismos Autónomos dependentes efectuarase, en canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería municipal os ingresos e gastos pendentes. Respecto da Fundación Escola de Enfermería, e atención ao seu carácter publico e titularidade provincial, aplícase o réxime orzamentario e de contabilidade asimilable a un organismo autónomo.

No que atinxe aos Consorcios dependentes, segundo sinala o artigo 112 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público *“1. Los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración Pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril. 2. A efectos de determinar la financiación por parte de las Administraciones consorciadas, se tendrán en cuenta tanto los compromisos estatutarios o convencionales existentes como la financiación real, mediante el análisis de los desembolsos efectivos de todas las aportaciones realizadas.... 4. Los consorcios deberán formar parte de los presupuestos e incluirse en la cuenta general de la Administración Pública de adscripción”*

En consonancia co anterior, as Liquidacións dos Orzamentos dos Consorcios dependentes deberán ser remitidas á Deputación de Pontevedra para a súa aprobación e integración na Conta xeral desta entidade.

Sen prexuízo da aprobación independente das liquidacións correspondentes á entidade provincial, fundación e consorcios, elabóranse uns estados consolidados. Así, integran a liquidación consolidada do exercicio 2020 os estados de liquidación da Deputación de Pontevedra, Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Consorcio contra incendios do Deza – Tabeirós.

As liquidacións dos consorcios dependentes foron elaboradas e informadas polas referidas entidades, procedéndose a súa integración nos estados consolidados que se incorporan ao expediente.

Segunda. Estados liquidación consolidada.

A efectos de aprobación do estado de liquidación consolidada, elabóranse os seguintes estados:

- Liquidación do orzamento de Gastos.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría

En relación co estado de gastos:

As obrigas totais consolidadas acadan a cifra de 158.879.058,23€, diminúen o importe das obrigas recoñecidas totais consolidadas con relación ao exercicio de 2020 en 5.303.825,73€ (-3,34%).

Nos capítulos dos gastos correntes recoñécense obrigas por importe de 97.686.250,70€, diminúen en 2.687.348,06€ (-2,75%)



No capítulo I as obrigas recoñecidas acadan a cifra de 45.467.644,28€, incrementan as obrigas recoñecidas en 632.999,17€ (+1,39%).

No capítulo II as obrigas recoñecidas acadan a cifra de 30.403.567,40€, aumentan en 3.211.364,34€ (+10,56%)

No capítulo VI as obrigas acadan a cifra de 17.664.654,09€, diminúen en 442.440,73€ (-2,50%)

No capítulo VII as obrigas acadan a cifra de 42.201.518,47€, aumentan en 2.561.792,53€ (+6,07%)

En relación co estado de ingresos:

Recoñécense dereitos por un importe total consolidado de 176.323.014,21€, aumentan con relación ao exercicio anterior en 5.584.513,98€ (+3,17%)

Nos capítulos dos recursos correntes recoñécense dereitos por importe de 171.722.509,69€, aumentando en 5.952.679,26€ (+3,47%)

No capítulo VI recoñécense dereitos por importe de 1.938.460,90€, diminúen en 857.891,07€ (-44,26%)

No capítulo VII recoñécense dereitos por importe de 1.664.698,25€, diminúen en 689.365,48€ (-41,41%)

En relación co aforro:

| | |
|---------------------------------|-----------------|
| - Ingresos correntes | 171.722.509,69€ |
| - Gastos correntes | 97.686.250,70€ |
| - Obrigas rec. con RLT/19 | 16.500.941,30€ |
| - Aforro bruto | 90.537.200,29€ |
| - Variación pasivos financeiros | 889.214,16€ |
| - Aforro neto | 89.647.985,68€ |
| - % sobre recur. correntes | 52,21% |

O aforro bruto aumenta en 7.657.898,93€ (+8,46%)

O aforro neto aumenta en 12.517.810,23€ (+ 13,96%)

O aforro neto representa o 52,21% dos recursos correntes, superando lixeiramente a metade dos recursos correntes

En relación co resultado orzamentario e o remanente de tesourería:

O resultado orzamentario axustado acada a cifra de 87.920.181,41€, aumenta en 12.273.502,08€ (+13,96%)

O remanente para gastos xerais acada a cifra de 178.198.461,90€, aumenta en 17.076.613,65€ (+9,58%)



En relación co endebedamento:

Así mesmo, da liquidación consolidada pódense destacar os seguintes datos de interese económico:

| | |
|-------------------------------|---------------|
| - Débeda inicial | 1.857.167,28€ |
| - Incremento débeda | 0,00€ |
| - Amortización débeda | 889.214,61€ |
| - Débeda final | 967.952,67€ |
| - % débeda/recursos correntes | 1,12% |

Terceira. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudo do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de Informe independente, que complementa o presente informe.

Documento datado e asinado dixitalmente



